

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZASEIS DE MARZO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezaseis de marzo de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o nove de marzo do ano que andamos, que logo de facer a corrección que de seguido se indica, apróbase por unanimidade dos asistentes:

*No punto 4.2 onde di " A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación" debe dicir " A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura num. 061/2009, por traballos relacionados na citada certificación"

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 259/10 de don Manuel Torres Vigo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en cambiar a uralita e máis a tella e o encintado das paredes, situada no lugar de Sete-Santa Cruz de Ribadulla, emprazada en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e catro euros con oitenta e cinco céntimos (#144,85#)

2.2.- Instancia num. 286/10 de don Juan Otero Fuentes

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dun cerramento dunha lonxitude aproximada de 49 mts lineais, con base de pedra de mampostería e madeira, no lugar de Francés, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.


A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta euros con corenta e nove céntimos (#30,49#)

2.3.- Instancia num. 307/10 de don Carlos Santos Martínez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 35 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Reboredo, en solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nivel local; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e un euros con setenta e oito céntimos (#21,78#)

2.4.- Instancia num. 291/10 de don Severino Mougán Lobato

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación dun muro de mampostería de aproximadamente 8 mts de lonxitude, no lugar de Sobredo, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual do muro debendo manter a tipoloxía existente e a altura conforme ó resto do muro.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.5.- Instancia num. 2017/10 de don Juan M. Hermida Vázquez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación dos irmás Juan, José Ramón e María Dolores Cutrín Tojo, solicita licenza para proceder á parcelación da finca denominada Loureiros sita en Galegos -Vilanova, cualifícase no PXOM como solo rústico de protección forestal (R-3), en tres parcelas segundo o proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro agrícola don Juan M. Hermida

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de segregación solicitada, sempre que de acordo co establecido no artigo 206 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se faga constar o compromiso expreso de non edificar os lotes resultantes e que a superficie de cada lote teña unha extensión mínima de 15.000 m², debendo facer constar a condición de inedificabilidade expresamente no Rexistro da Propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

2.6.- Instancia num. 2018/10 de don Juan M. Hermida Vázquez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación dos irmás Juan, José Ramón e María Dolores Cutrín Tojo, solicita licenza para proceder á parcelación da finca denominada Galegos sita en Galegos -Vilanova, cualifícase no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2), en tres parcelas segundo o proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro agrícola don Juan M. Hermida

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de segregación solicitada, sempre que de acordo co establecido no artigo 206 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se faga constar o compromiso expreso de non edificar os lotes resultantes e que a superficie de cada lote teña unha extensión mínima de 15.000 m², debendo facer constar a condición de inedificabilidade expresamente



no Rexistro da Propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

3º.- Certificacións de obras

3.1.-Certificación num. única da obra *Instalador de ascensor adaptado no Polideportivo de Vedra*

Dáse conta da certificación num. única da obra *Instalación de ascensor adaptado no Polideportivo de Vedra*, incluída no *Plan de Eliminación de barreiras arquitectónicas 2008*, e máis da factura OCV.002 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L por importe de trinta e oito mil douscentos vinte e sete euros con setenta e dous céntimos céntimos (#38.227,72#), sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura correspondente

3.2.- Certificación num. Única da obra de Proyecto de mejora y acondicionamiento de parques infantiles

Dáse conta da certificación num. única da obra *Proyecto de mejora y acondicionamiento de parques infantiles*, incluída no Plan Especial de Parques Infantís da Deputación Provincial, e máis da factura num. 6/2010 da empresa adxudicataria Construcciones Lemos Martínez, S.L, por importe de setenta mil catrocentos un euros con vinte e tres céntimos (#70.401,23#), sendo o director da mesma o arquitecto don Santiago Iglesias

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura correspondente

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

4.1.- Escrito num. 146/10 de Martínez Montes e Hijos, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Enrique Martínez Cao, actuando en representación de Martínez Montes e Hijos, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución das obras *Afirmado e acondicionamiento de pistas en Romarís -San Xián de Sales* (1.573,85 euros) e *Afirmado e acondicionamiento de pistas en Iglesiasario -Vedra* (1.186,45 euros), incluídas no *Plan de Cooperación Provincial 2007*

Dáse conta asimesmo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución dos citados avais

5º.- Outros asuntos

--Solicitud de axuda para o sostenemento de socorrista na piscina municipal



Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial de programas de socorrismo e limpeza de praias dirixido ós concellos da provincia , anualidade 2010 (BOP num. 47/10, do 11 de marzo).

A Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda dentro da citada convocatoria para a contratación dun socorrista do 15 de xuño ó 15 de setembro por importe de tres mil (#3.000,00#) euros

--Contrato marketing con Editorial Compostela, S.A

Dáse conta do convenio asinado con Editorial Compostela para levar a cabo unha campaña de marketing que se levará a cabo en prensa mediante publicidade en El Correo Gallego (100 módulos de publicidade) e publicidade en Tierras de Santiago (130 módulos), na que se inclúen a publicidade das festas gastronómicas e demais, por un importe total de cinco mil setecentos corenta e dous euros (#5.742,00#), IVE engadido, que se prorratarán en dez facturas mensuais entre os meses de marzo a decembro de 2010.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio

--Aprobación modificación num. 1 do proxecto de *reforma e ampliación do Centro da Terceira Idade*

Dáse conta da necesidade de realizar leves modificacións no proxecto aprobado da obra *reforma e ampliación do centro da terceira idade*, redactada polo arquitecto don Fernando Faya, sen modificación do orzamento de execución, que consisten basicamente na substitución da cuberta plana orixinaria por unha inclinada de panel sandwich de aceiro lacado en cor branca, na adaptación do local previsto para a sede da futura radio municipal para despacho; redución da superficie da mampara modular acristalada da cafetería e pintado exterior da totalidade da fachada existente con pintura branca impermeable a maiores do lavado e limpeza xa contemplada no proxecto inicial.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada modificación do proxecto

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta minutos

